

# LUGO

INFORMACIÓN  
CULTURAL E TURÍSTICA  
2025

VENRES 10/01 A XOVES 16/01



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua



Teatro - "La maestra"



Teatro - "As gardiás"

# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 09/01. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

**Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a [010@lugo.gal](mailto:010@lugo.gal) Asunto: boletín.**



982 297 199




LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



**ENTRADASLUGO.ES**

LUGO

# NOTICIAS

A Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, asistirá, xunto con outras autoridades, á Feira Internacional de Turismo Fitur, que se celebra este ano 2025 entre o 22 e o 26 de xaneiro.

Ferreiro realizará unha presentación onde promocionará o concello de Lugo "como un destino turístico sostible, cun turismo de calidade e desestacionalizado, que garante a convivencia das e dos visitantes coas persoas que residen en Lugo"

Ferreiro explicou que "o obxectivo deste ano é continuar amosándolle ao resto do mundo a cidade de Lugo e os seus valores paisaxísticos, gastronómicos e culturais".



• Maite Ferreiro



# CaixaForum

05/12 – 15/01

*Plaza Horta do Seminario*

# Leonardo da Vinci

¡Reserva  
tus entradas!



observa



cuestiona



experimenta

Con la colaboración de



Fundación "la Caixa"

# LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

**Luar: Na: Libre**  
ENCrucILLADA  
**XX**

LUGO

Venres 10 xaneiro - 21:00h  
Auditorio M. Gustavo Freire

**SERGIO DALMA**  
SONRÍE PORQUE ESTÁS EN LA FOTO

LUGO 10.01.25  
PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS

# Jazz

## MIKEL AZPIROZ Trío



(Euskadi)



Mikel Azpiroz: piano

Karlos Arancegui: batería



Fernando Neira: contrabaixo



Venres, 10 22:30 horas

**EL CRUCE**

VIE 10 ENE

Venres 10/01 a Xoves 16/01

# LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua

**11 XANEIRO**  
20H

Gala benéfica a favor do  
Comedor San Froilán

**NOVO AMENCER**  
ESCRIBEN ANXO MANOEL E PEPE SAAVEDRA  
DIRIXE ANXO MANOEL

Auditorio Municipal  
Gustavo Freire



CLUB  
CLAVICEMBALO  
LUGO

**SÁBADO 11  
XANEIRO**

**Unides**  
METALCORE  
LUGO

**BRUTAL**  
METALCORE  
PONTEVEDRA

CONCERTOS : 22:00  
TAQUILLA : 3€

2025



*Twanquero*  
PRESENTA



*Panamerica*

SÁBADO 11 ENERO, 22H  
SALA JAGGER, LUGO

[twanquero.com](http://twanquero.com)

Venres 10/01 a Xoves 16/01



FAMILIAR

## “LA MAESTRA” ANITA MARAVILLAS

Domingo 12/01 - 18:30 horas - Auditorio Municipal Gustavo Freire

Idade recomendada: A partir dos 6 anos.



### Sinopse:


A mestra é valente, hábil e simpática. Cre nas capacidades dos nenos e as nenas, nas de todos e todas. A mestra e a súa pequena clase construíron xuntos unha fermosa escola, unha escola no bosque con cabida para todos os animais. A palabra máis querida pola nosa mestra é a liberdade, polo que quere que a súa clase creza libremente. Desgraciadamente, os maiores comezan unha guerra que obrigará aos nosos protagonistas para deixar atrás a súa soñada escola, unha escola construída desde o amor e o coidado mutuo. A historia de La Mestra é un intento tolo e fermoso de ser libre e feliz. A través desta historia viaxan as palabras daquelas valentes mestras e rumoréannos ao oído que a primeira condición para ser libre é tentalo.

**Duración:** 55 minutos.

**Premio FETÉN 2024 ao mellor espazo escénico.**

Entradas: en [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es), na Oficina Municipal de Turismo e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo. As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA



ADULTOS

## "AS GARDIÁS" TEATRO DE NINGURES

20  
25

Xoves 16/01 - 20:30 horas - Auditorio Municipal Gustavo Freire  
Idade recomendada: A partir dos 14 anos.



### Sinopse:

As Gardiás, ou o dereito a decidir como xestionar a nosa propia velez.

O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acolledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que se topa nunha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil, e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as vellas mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a postura mellor.

**Duración:** 90 minutos.

Entradas: en [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es), na Oficina Municipal de Turismo e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo. As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas a AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA







Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas

# Por Lugo: VAI EN BUS

> *Máis barato, máis ecolóxico  
e sen buscar aparcamento*

**#activandoLugo**

## PROGRAMACIÓN

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE - LUGO  
PRIMEIRO SEMESTRE 2025



TEATRO E DANZA PARA  
PÚBLICO ADULTO, FAMILIAR E PRIMEIRA INFANCIA



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua

[www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es)

## PROGRAMACIÓN TEATRAL PARA PÚBLICO ADULTO

20  
25

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30 horas  
Información detallada en: [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es)

16/01	As gardiás	Teatro de Ningures
23/01	Testosterona	Malasombra Producións
30/01	Anónimos	Rauxa Cia.
06/02	O pano	Bátega Teatro
13/02	O dragón de ouro	Sarabela Teatro
20/02	Non pasarán	Artika Teatro
27/02	Absurdia	Dani Blanco Producións
03/04	Reconversión	Ibuprofeno teatro
10/04	Desterradas	Producións Teatrais Excéntricas
24/04	Profetas	Ítica Teatro
01/05	Napoleón o el complejo de épico	Teatro do Chapitô
08/05	Manuela Rey Is In Da House	Centro Dramático Galego, Teatro do Noroeste, Centro Dramático de Viana, Teatro Nacional Dona María II e Teatro Nacional Sao Joao

ENTRADAS EN [ENTRADASLUGO.ES](http://ENTRADASLUGO.ES), NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO, E NO AUDITORIO, O DÍA DA FUNCIÓN, DESDE UNHA HORA E MEDIA ANTES DO COMEZO DO ESPECTÁCULO.

PREZO: 5€

As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

## PROGRAMACIÓN TEATRAL PARA PÚBLICO FAMILIAR

20  
25

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 18:30 horas  
Información detallada en: [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es)

12/01	La maestra	Anita Maravillas
19/01	Compañía	Xampatito Pato
02/02	Kyoki	Elefante Elegante
16/02	E entón un xardín	Paporrubio
23/02	Dentro del corazón del mundo	Engruna Teatre
09/03	Crisálida	Caramuxo Teatro
25/04	Ocelo	Colectivo Espaço Invisíbel
04/05	A nena e o grilo camiño das cores	Magín Blanco e Teatro Ghazafellos
15/05	La liebre la tortuga & la influencer*	Larumbe Danza
18/05	Un pez en el corazón	Mar Mar teatro

La liebre la tortuga & la influencer\* Pases ás 17:00 e 18:30

ENTRADAS EN ENTRADASLUGO.ES, NA OFICINA MUNICIPAL DE  
TURISMO, E NO AUDITORIO, O DÍA DA FUNCIÓN, DESDE UNHA  
HORA E MEDIA ANTES DO COMEZO DO ESPECTÁCULO.  
PREZO: 3€

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

## PROGRAMACIÓN DE DANZA

20  
25

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30 horas

Información detallada en: [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es)

24/01	Multiperspectivas3	Paula Quintas
21/02	Batu	Compañía NODE
	Triade	Compañía Colectivo Glovo
	Ypark	Compañía Zuk Dance
07/03	Sobre o extravío ou a arte de perderse	Furia Sotelo
02/05	Dance Join	Marta Alonso
16/05	TROMSØ	Morraoconto

---

ENTRADAS EN ENTRADASLUGO.ES, NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO, E NO AUDITORIO, O DÍA DA FUNCIÓN, DESDE UNHA HORA E MEDIA ANTES DO COMEZO DO ESPECTÁCULO.

PREZO: 5€

As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto

## PROGRAMACIÓN PARA A PRIMEIRA INFANCIA

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 17:00 e 18:30 horas

Información detallada en: [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es)

26/01	Madame Lumière	La Menuda Produccions
09/02	Mímesis	Zigzag danza
06/04	Tana (A tobeira)	Compagnia TPO

---

ENTRADAS EN ENTRADASLUGO.ES, NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO, E NO AUDITORIO, O DÍA DA FUNCIÓN, DESDE UNHA HORA E MEDIA ANTES DO COMEZO DO ESPECTÁCULO.

PREZO: 3€

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

### O VELLO CÁRCERE

#### PROGRAMACIÓN CONTINUA

2024 / 2025



LUNS A DOMINGO  
982 297 195  
vellocarcere@lugo.gal  
ovellocarceredelugo.gal



#### HORARIO

##### CENTRO

Luns - Sábado:  
11:00 - 14:00 h / 16:00 - 20:00 h  
Domingo:  
11:00 - 14:00 h / 16:00 - 19:00 h

##### BIBLIOTECA

Domingo - Mércores:  
11:00 - 14:00 h / 16:00 - 19:00 h  
Xoves - Sábado:  
11:00 - 14:00 h / 16:00 - 20:00 h

#### INFORMACIÓN IMPORTANTE

- Todas as actividades son **de balde**.
- Na Biblioteca e no Espazo Didáctico **requírese inscrición previa**.
- No Espazo de Lecer e nas visitas guiadas, **recoméndase a inscrición previa**.
- A programación está suxeita a posibles modificacións en base aos eventos que acalle o Centro.
- Máis info e bases en: [ovellocarceredelugo.gal](http://ovellocarceredelugo.gal)

### OBRADOIROS BIBLIOTECA + ESPAZO DIDÁCTICO

#### PÚBLICO INFANTIL

- "Pequeviñetistas"  
(nados/as entre 2012-2017)  
Martes: 17:30 - 18:30 h
- "A toda cor"  
(nados/as entre 2016-2021)  
Mércores: 17:30 - 18:30 h
- "Minirrelatos"  
(nados/as entre 2012-2017)  
Xoves: 17:30 - 18:30 h
- Club de lectura  
"Ratiños de biblioteca"  
(nados/as entre 2012-2016)  
Sábados: 12:00 - 13:00 h  
(cada tres semanas)

#### PÚBLICO XUVENIL

- "E ti que contas?"  
(nados/as entre 2008-2011)  
Luns: 17:30 - 18:30 h

#### PÚBLICO ADULTO

- "Abrindo as portas"  
Luns: 16:30 - 17:30 h
- "Construíndo memoria"  
Martes: 16:30 - 17:30 h
- "Escritura creativa"  
Xoves: 18:30 - 19:30 h
- Club de lectura feminista  
"En-clave feminista"  
Sábados: 12:00 - 13:00 h  
(cada tres semanas)
- Club de lectura de memoria democrática "Gregorio Sanz"  
Sábados: 12:00 - 13:00 h  
(cada tres semanas)
- Programa Tándem  
Horarios en función do idioma

### ESPAZO DE LECER (nados/as entre 2016-2021)

Sábados, domingos e festivos

#### HORARIO DO ESPAZO

MAÑAS 1ª quenda: 11:00 - 12:30 h  
2ª quenda: 12:30 - 14:00 h

TARDES 1ª quenda: 16:00 - 17:30 h  
2ª quenda: 17:30 - 19:00 h

#### ACTIVIDADES

- "Contacontos miúdos"  
Sábados | 11:00 - 12:30h e 12:30 - 14:00 h
  - "Cousiñas xeitosas"  
Domingos | 11:00 - 12:30 h
  - Tempo de Lecer  
Sábados e Domingos | Horario do espazo, excepto nas horas de "Contacontos miúdos" e "Cousiñas xeitosas"
- Festivos | Horario do espazo.

#### EXPOSICIÓNS PERMANENTES

- "O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"
- "Elas", Aurora Marco

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- Espazo EASD Ramón Falcón, Varios artistas
- "20 aniversario AGPI", Varios artistas
- "Pornografía da alma", Ana Fernández
- "Liberarte", Roberto Castro
- "Arte e Meditación", Blanca Cenalmor

#### VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"

- VENRES: 17:30 h
- SÁBADOS: 11:15 h e 17:30 h
- DOMINGOS: 11:15 h (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30 h



## PROGRAMACIÓN SEMANAL

O VELLO CÁRCERE

DO MARTES 07 AO MÉRCORES 15 DE XANEIRO DE 2025



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

- Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
- 982 297 195
- vellocarcere@lugo.gal
- <https://ovellocarcere.lugo.gal/>

#### REDES SOCIAIS

- [www.facebook.com/OVelloCarcere](http://www.facebook.com/OVelloCarcere)
- [www.instagram.com/ovellocarcere](http://www.instagram.com/ovellocarcere)
- [www.twitter.com/o\\_vello\\_carcere](http://www.twitter.com/o_vello_carcere)

#### HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO

##### Mañás:

- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

##### Tardes:

- De luns a sábado de 16:00 a 20:00 h.
- Domingo: 16:00 a 19:00 h.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'.  
Recoméndase inscrición previa: 982 297 195.

#### PÚBLICO XERAL:

Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Venres: 17:30h.
- Sábados: 11:15h. e 17:30h.
- Domingos: 17:30h.

#### PÚBLICO FAMILIAR:

Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE


#### EXPOSICIÓNS PERMANENTES

##### 'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

##### 'ELAS'

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Ludeiro.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

##### ESCOLA DE ARTE SUPERIOR DE DESEÑO RAMÓN FALCÓN

A Escola de Arte Superior de Deseño Ramón Falcón presenta nas celas do segundo andar do panóptico -espazo cedido permanentemente-, a primeira das súas exposicións temporais en O Vello Cárcere.

A mostra amosa unha escolma de traballos do seu alumnado e xira arredor dos estudos que ofrece: Serigrafía, Gravado e Técnicas de Estampación, Fotografía e Cerámica (ensinanzas profesionais) e Deseño Gráfico e Deseño de Interiores (estudios de Grao).

Permanecerá aberta ao público durante os vindeiros meses.

Celas de homes: 2ª planta



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

##### 'PORNOGRAFÍA DA ALMA' - ANA FERNÁNDEZ

Aínda que o seu encontro non foi premeditado, é na abstracción onde Ana Fernández atopa a linguaxe na que poder falar e romper o muro que constrúe ao seu redor a timidez.

"Pornografía da alma" engloba varias series de traballos, tal como Lúa, Multitudes, A Nada e Pornografía da alma, nos que a artista establece un diálogo entre a poesía e a obra. A través dunha linguaxe máterica e abstracta que confere ao gravado, á escultura e á pintura, amosa o seu mundo interior e aborda aspectos como a distorsión do ollado a través do reflexo dun mesmo, o consumo excesivo de pensamento procesado ou a inexistencia nada.

Poderá visitarse dende o 01 de novembro ao 10 de xaneiro

Celas de mulleres: 1ª planta



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

##### 'LIBERARTE' - ROBERTO CASTRO

A obra do artista Roberto Castro, componse de dúas etapas moi diferenciadas, pasando dunha primeira aproximación dende o realismo poético ata o desenvolvemento dunha pintura enerxética e apaixonada, marcada por trazos e planos envolventes, con abundancia de cores puras, achegándose máis ao mundo da intuición e fantasía efervescente, chea de diálogo e harmonía na súa expresión.

Pintura alegre e desenfadada, viva e entusiasmada, viaxando polo subconsciente, o instinto do incógnito e a imaxinación subxectiva, nun contexto desenfadado, visionario e caprichoso

"Ver o que imaxinas e imaxinar o que ves"

Poderá visitarse dende o 12 de decembro ao 10 de febreiro

Celas de mulleres: 2ª planta



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### PROGRAMACIÓN CONTINUA

##### 'ARTE E MEDITACIÓN' - BLANCA CENALMOR

Nesta exposición temporal, a artista Blanca Cenalmor convidanos a conectar coa natureza e a deixar voar os sentidos da man dunha obra pictórica chea de luz e de cor.

Poderá visitarse dende o 30 de decembro ao 31 de xaneiro

Celas de homes: planta baixa





**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA


Actividade: **VISITAS ESCOLARES**

Ciclos de Educación Primaria:

- Programa escolar 'Un edificio con boa Memoria' (reserva). Proposta didáctica sobre as orixes do Cárcere a través da súa arquitectura.
  - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.

Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato:

- Programa escolar 'Un edificio con boa Memoria' (reserva). Proposta didáctica sobre a Memoria Democrática.
- Visita guiada ao edificio e á exposición permanente 'O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra' (reserva)
  - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

Actividade: **ESPAZO DE LECER**

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenos e nenas nados/as entre os anos 2016 e 2021 inclusive, poidan xogar e aprender.


Dúas monitoras organizan diversas actividades lúdicas e educativas co obxectivo de que os máis pequenos coñezan a historia do edificio e as exposicións que alberga; afiancen unha serie de valores e traballen sobre a promoción da lingua, a reciclaxe e outras datas sinaladas.

- Horario (Sábados, domingos e festivos):
 

<b>MAÑÁS</b>	1ª quenda: 11:00 - 12:30 h 2ª quenda: 12:30 - 14:00 h
<b>TARDES</b>	1ª quenda: 16:00 - 17:30 h 2ª quenda: 17:30 - 19:00 h
- Actividades:
 

"Contacontos miúdos"	Sábados   11:00 - 12:30h e 12:30 - 14:00 h
"Cousiñas xeitosas"	Domingos   11:00 - 12:30 h
Tempo de Lecer	Sábados e Domingos   Horario do espazo, excepto nas horas de "Contacontos miúdos" e "Cousiñas xeitosas" Festivos   Horario do espazo.

\*Recoméndase inscrición previa a partir do luns (inclusive)



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

**SÁBADOS**

Actividade: **CLUBS DE LECTURA**

**PÚBLICO ADULTO**

- 'Gregorio Sanz', club de lectura de memoria democrática. 11 de xaneiro


**PÚBLICO INFANTIL**

- 'Ratiños de Biblioteca', nados/as entre 2012 - 2016. 18 de xaneiro

**PÚBLICO ADULTO**

- 'En-clave feminista', club de lectura feminista. 25 de xaneiro

Horario: de 12:00 a 13:00 h.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

**SÁBADO 11 DE XANEIRO**

Actividade: **CONTACONTOS MIÚDOS: 'ENYD E O BOSQUE ESQUECIDO'**

Con motivo do Día Mundial da Educación Ambiental, que se celebrará o 26 de xaneiro, contaremos da man de Mariá Quintana a historia de Enyd e os animais cos que convive no máis profundo do bosque. Eles están fartos do lixo que chega a natureza dende as cidades, así que, amosarán os estragos aos urbanitas para resolver este problema. Conseguirán concencialos?

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: nados/as entre 2016 e 2021 inclusive.

Horario: 1ª quenda de mañá (11:00 - 12:30h.)  
2ª quenda de mañá (12:30 - 14:00h.)

Aforo: 15 persoas por cada quenda.

\*Recoméndase inscrición previa



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

**DOMINGO 12 DE XANEIRO**

Actividade: **COUSIÑAS XEITOSAS: DÍA INTERNACIONAL DA COMETA**

Realización dun pequeno traballo manual pola celebración do Día Internacional da Cometa, que se celebrará o 14 de xaneiro.

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: nados/as entre 2016 e 2021 inclusive.

Horario: 1ª quenda de mañá (11:00 - 12:30h.)

Aforo: 15 persoas por cada quenda.

\*Recoméndase inscrición previa



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

**LUNS 13 DE XANEIRO**

Actividade: **ABRINDO AS PORTAS**

Actividade que aborda diferentes cuestións arredor da arquitectura carceraria e do conxunto patrimonial de O Vello Cárcere.

Público: adulto  
Horario: 16:30h. a 17:30h.  
Con inscrición previa.

**LUNS 13 DE XANEIRO**

Actividade: **E TI QUE CONTAS?**

Obradoiro de escritura xuvenil que emprega diferentes dinámicas e ferramentas narrativas para desenvolver e afianzar estratexias de expresión escrita e oral.

Público: nados/as entre 2008 - 2011  
Horario: 17:30h. a 18:30h.  
Con inscrición previa.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

**MARTES 14 DE XANEIRO**

Actividade: **CONSTRUÍNDO MEMORIA**

Espazo de encontro, reflexión e debate sobre diferentes cuestións relacionadas coa historia e coa memoria democrática.

Público: adulto  
Horario: 16:30h. a 17:30h.  
Con inscrición previa.

**MARTES 14 DE XANEIRO**

Actividade: **PEQUEVIÑETISTAS**

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, as participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: nados/as entre 2012 - 2017  
Horario: 17:30h. a 18:30h.  
Con inscrición previa.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN CONTINUA

**MÉRCORES 15 DE XANEIRO**

Actividade: **A TODA COR**

Obradoiro infantil que trata, mediante diversas dinámicas de aprendizaxe, os valores humanos e os principais temas de actualidade que xiran arredor de datas significativas.

Público: nados/nadas entre 2016 - 2021  
Horario: 17:30h. a 18:30h.  
Con inscrición previa.



## Programa

# Tándem



Inglés



Francés



Alemán




Galego



Italiano



Catalán



Queres practicar  
estes ou outros idiomas?

**Máis información e inscricións:**

**982 297 195**

**[vellocarcere@lugo.gal](mailto:vellocarcere@lugo.gal)**



# concertos



2024-2025



## 2024-2025 concertos

sábado, 26 de outubro

**Ensemble Praeteritum Sinfónico**

**Pablo Suárez Calero**, violín

L. v. Beethoven: *Concerto para violín en Re maior*

J. Brahms: *Sinfonía nº 1 en Do menor*

*Abertura Académica*

xoves, 28 de novembro

**Diana Cooper**, piano

**1º Premio do VI Concurso Internacional de piano - Cidade de Vigo (2022)**

Obras de L. v. Beethoven, R. Schumann e F. Chopin

venres, 6 de decembro

**Real Filharmonía de Galicia**

**Nil Venditti**, directora

**Noelia Rodiles**, piano

L. v. Beethoven: *As Criaturas de Prometeo* (Abertura)

W. A. Mozart: *Concerto para piano nº 12 en La maior*

Marianne von Martínez: *Concerto para piano en La maior*

F. Schubert: *Sinfonía nº 2 en Si bemol maior*

sábado, 25 de xaneiro

**Orquestra Sinfónica Vigo 430**

**Aarón Zapico**, director

**Anastasia Makhmendrikova**, piano

W. A. Mozart: *Concerto para piano nº 21 en Do maior*

*Sinfonía nº 38 en Re maior, "Praga"*

venres, 14 de febreiro

**Real Filharmonía de Galicia**

**Amandine Beyer**, violín e directora

Marianne von Martínez: *Sinfonía en Do maior*

Maddalena Lombardini: *Concerto para violín nº 3*

F. X. Richter: *Sinfonía con fuga en Sol menor*



sábado, 15 de marzo

**Filarmonía Km 0**

**1º Premio do Concurso de Interpretación**

**Musical Xosé Castiñeira 2024**

(CMUS Xoán Montes de Lugo):

**Iago López Núñez, frauta**

**+ Ensemble Filharmónica**

Programa en preparación

sábado, 22 de marzo

**Orquestra Sinfónica Vigo 430**

**J. L. López Antón, director**

**Sonoko Miriam Welde, violín**

F. Mendelssohn: *Concerto para violín*

J. Brahms: *Sinfonía nº 2 en Re maior*

sábado, 26 de abril

**Cuarteto Quiroga**

**"Das Heilige Tonart" / A tonalidade Santa**

W. A. Mozart: *Cuarteto de cordas nº 16, KV. 428*

L. v. Beethoven: *Cuarteto de cordas nº 12, op. 127*

xoves, 8 de maio

**Miyu Shindu, piano**

**1º Premio do VII Concurso Internacional**

**de piano - Cidade de Vigo (2023)**

Programa en preparación

venres, 6 de xuño

**Orquestra Sinfónica de Galicia**

**Roberto González-Monjas, violín e director**

W. A. Mozart: *Rondós KV. 269 e KV. 373*

*Concertos para violín e orquestra nº 1 e 5*

**Todos os concertos no Círculo de las Artes**

**20:00 horas**

Poderíanse programar máis concertos ao longo da tempada que se anunciarán con antelación



**Sociedad Filarmónica de Lugo**

Edificio Pazo de la Maza,

Ruanova, 19 - 27001 Lugo

982 230 805

[www.filarmonicadelugo.com](http://www.filarmonicadelugo.com)

Altas de socios nos enderezos electrónicos

[filarmonicadelugo@gmail.com](mailto:filarmonicadelugo@gmail.com)

[filarmonicadelugo.socios@gmail.com](mailto:filarmonicadelugo.socios@gmail.com)

Venda de entradas para non socios nas oficinas do Círculo de las Artes antes de cada concerto

Colaboran



**EL PROGRESO**



se queres escoitar boa música  
**faite socio**

# INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURALS - MUSEOS -  
OFICINA DE TURISMO

## EXPLORA LUGO



Av. Infanta Elena, s/n, 27003  
982 297 446  
museo.mihl@lugo.gal  
instagram.com/mihl\_museo/



Praza da Constitución, s/n. 27002  
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal  
facebook.com/OVelloCarcere  
instagram.com/ovellocarcere/  
twitter.com/o\_vello\_carcere



Rúa do Carme, 3, 27004  
982 250 962 museo.porta@lugo.gal  
facebook.com/lugomuseos/  
instagram.com/museoslugo/



Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001  
982 25 48 15 casadosmosaicos@lugo.gal  
facebook.com/lugomuseos/  
instagram.com/museoslugo/



Praza do Campo, 11, 27001  
982 251 658 cim@lugo.gal  
facebook.com/lugomuseos/  
instagram.com/museoslugo/



Praza do Campo, 11, 27001  
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal  
facebook.com/TurismodeLugo/

## EXPLORA LUGO



Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002  
982 801 105 [museo.sroque@lugo.gal](mailto:museo.sroque@lugo.gal)  
[facebook.com/lugomuseos/](https://facebook.com/lugomuseos/)  
[instagram.com/museoslugo/](https://instagram.com/museoslugo/)



Praza da Soidade s/n 27001  
982 242 112 [info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)  
[facebook.com/redemuseistica provincial](https://facebook.com/redemuseistica provincial)  
[twitter.com/RedeMuseistica](https://twitter.com/RedeMuseistica)





## EXPLORA LUGO

# LUGO KM 100

LUGO, CENTRO NEURÁLXICO DO TURISMO DE PROXIMIDADE NA GALIZA

- » **A 100 KM DE ZONAS TURÍSTICAS:**  
A MARIÑA, A RIBEIRA SACRA OU COMPOSTELA
- » **TRES PATRIMONIOS DA HUMANIDADE:**  
A CATEDRAL, A MURALLA E O CAMIÑO PRIMITIVO
- » **UNHA APOSTA POLO TURISMO**  
SOSTIBLE E DE PROXIMIDADE





**Concello de Lugo**

**Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua**



982 297 199



LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a [010@lugo.gal](mailto:010@lugo.gal) Asunto: boletín.